



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA 8/2024 DO PLENO DO XOVES 26 DE SETEMBRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 20:00 horas do xoves 26 de setembro de 2024 ten lugar a sesión Ordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, do Grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, asistindo os/as concelleiros/as seguintes:

Alternativa dos Veciños

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

NATALIA PATIÑO CAÑAS

ROCIO RABUÑAL BOUZAS

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BABEITO REY

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Grupo Mixto:

PATRICIA BLANCO FIDALGO-Grupo Mixto (PSdG_PSOE)

Non adscrito:

FRANCISCO BELLO HERMIDA

Non asisten:

SUSANA GUIMAREY GARCIA-Xustifica a súa ausencia

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ-Xustifica a súa ausencia

Foron asistidos pola secretaria xeral, REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ. Non asiste a interventora municipal NOEMÍ GONZALEZ MATO.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.-Toma posesión do concelleiro do Partido Popular, Don Carlos Barbeito Rey. Expediente Tedec 2023/G005/000001

Polo Alcalde dase concédese a palabra á Sra Secretaria do Concello.

Intervén a Sra. Secretaria para indicar que segundo a copia da acta de proclamación de electos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña que consta no Concello en relación aos resultados das eleccións municipais de maio de 2023, na que constas os concelleiros electos do Partido Popular, entre eles Don Carlos Barbeito Rey, con DNI nº ***7442**.

A Secretaria do Concello solicita a don Carlos Barbeito Rey (PP) que e achegue ao estrado e comprobada a súa credencial e DNI e verificada a súa declaración de bens e actividades, concedelle a palabra procedendo a prometer o seu cargo como concelleiro, conforme á fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas .

Intervén o Sr. Barbeito para manifestar que “Xura cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tomando así posesión do seu cargo de concelleiro toma de posesión aceptada polo Pleno e pola que que o Alcalde lle impón a medalla a Don Carlos Barbeito Rey.

SEGUNDO.- Aprobación de acta de sesión plenaria ordinaria do 29 de xullo de 2024, sesión 7/2024.

O Sr. Alcalde pregunta se ao/as concelleiros/as se teñen algo que dicir

Indica o Sr. Fernández Mouriño que viu que á hora de transcribir a acta ou foi un lapsus do propio Sr. Mouriño que cando ás veces aparece Varinca era Vialmar, en referencia aos edificios da Sareb.

Prócedese á votación da acta coa rectificación sinalada polo Sr. Mouriño voceiro do grupo municipal do Partido Popular e queda APROBADA por unanimidade a acta da sesión 7/2024 de data 29 de xullo de 2024.

TERCEIRO.- Toma de coñecemento escrito do concelleiro don Francisco Javier Bello Hermida de abandono do grupo municipal Alternativa dos Veciños. Dar conta dos decreto 347/2024



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E: P-1502100 I

“REVOCACIÓN DELEGACIÓNS E MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE” e 359/2024” ORGANIZACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO TENENTES ALCALDE”. Expediente Tedc 2023/G005/000001

O Sr Alcalde dalle a palabra á Sra. Secretaria.

Intervén a Sra. Secretaria para explicar que o Sr. Francisco Javier Bello Hermida presenta escrito o 10 de setembro de 2024 , con número de rexistro de entrada nº 20249990000107 no que comunica o abandono como membro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Carral aos efectos oportunos.

Continua a Secretaria dando conta do decreto 347/2024 no que se sinala que hai una revocación de delegacións e modificación de composición da xunta de goberno así como o nomeamento de tenentes de alcalde e no mesmo polo Sr. Alcalde resolveuse:

“PRIMEIRO.- Revogar a delegación de competencias aprobada por resolución 366/2023 da área de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil no concelleiro Don Francisco Javier Bello Hermida así como deixar sen efecto o seu nomeamento como 2º Tenente de Alcalde e membro da Xunta de goberno local , todo isto a partir del 31/8/2024 .

SEGUNDO.- Notificar este decreto ó concelleiro D. Francisco Javier Bello Hermida en cumprimento do establecido no artigo 114.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Trasladar os servizos administrativos encargados da xestión de nóminas e seguridade social a baixa do concelleiro na seguridade social por estar desempeñando cargo con dedicación exclusiva , a partir do 31/8/2024. Trasladar este decreto ós departamentos municipais de deportes, xuventude , participación cidadá e protección civil para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

CUARTO.-Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

Continua a Secretaria dando conta do decreto 359/2024 explicando que neste decreto pola Alcaldía resolvéuse:

“PRIMEIRO .-Nomear membros da Xunta de Goberno Local (que estará presidida por quen ostente a Alcaldía en cada intre) aos/ás seguintes Señores Concelleiros/as:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

- 1.-Dona Susana Guimarey García.
- 2.- Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 3.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua
- 4.- Dona Natalia Patiño Cañás

A Xunta de Goberno Local realizará sesións ordinarias en semanas alternas, xoves en horario de mañá que será concretado en cada convocatoria . En caso de que o día sinalado sexa inhábil poderá realizarse a sesión correspondente no día anterior ou posterior hábil.

Corresponden á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente a este Alcalde no exercicio das súas funcións, as seguintes atribucións delegadas pola Alcaldía:

- a).-Aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía
- b).-Aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- c).- Outorgamento de licenzas e autorizacións, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente a outro órgano, e toma de razón de comunicacións previas e declaracións responsables. Liquidación de tributos e outros ingresos derivados de licenzas e autorizacións que se outorguen pola Xunta de Goberno Local e, no seu caso, das tomas de razón indicadas.
- d).-Solicitude de achegas económicas a outras Administracións Públicas, agás que nas bases correspondentes se atribúa a outro órgano.
- e).-Aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión.

Porén, a Alcaldía resérvase a posibilidade de advogar en calquera intre as atribucións delegadas, segundo os artigos 116 ROF e 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico destas delegacións será o previsto nos artigos 114 a 118 ROF.

SEGUNDO.-Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, coa orde de nomeamento que se indica:

- 1º.-Dona Susana Guimarey García.
- 2º.-Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 3º.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

TERCEIRO.- *Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.*

CUARTO .-*Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF.”*

CUARTO.- Proposta modificación réxime comisións informativas. Expedientes Tedec 2023/G005/000001

Pola secretaria procédese á lectura da proposta relacionada coa orde do día.

“PROPOSTA MODIFICACIÓN RÉXIME COMISIÓNS INFORMATIVAS :

Visto que o Pleno en sesión organizativa extraordinaria de data 29/6/2024 **ACORDOU:**

Logo de ver os artigos 66 a 68 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante), reguladores da Comisión Especial de Contas e das comisións de estudo, informe ou consulta, nos que se indica:

“Artigo 66 1.-A Comisión Especial de Contas dá entidade local estará constituída polos membros dous distintos grupos políticos dá Corporación.

2.-Ou número de membros será proporcional á súa representatividade non Concello ou igual para cada grupo. Non último caso aplicarase ou sistema de voto ponderado.

Artigo 67 1.-Corresponderanlle á Comisión Especial de Contas ou exame, ou estudo e ou informe dá Conta xeral e das demais contas anuais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

2.-Para ou exercicio axeitado das súas funcións, a Comisión poderá requirir, por medio do alcalde, a documentación complementaria que considere precisa e a presenza dúas membros e funcionarios da Corporación especialmente relacionados coas contas que se analicen.

3.-As competencias da Comisión Especial de Contas entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, de conformidade coa súa lexislación específica

Artigo 68. 1. Constituiranse comisións de estudo, informe e consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes. Nos demais poderán constituírse potestativamente, se así ou acorda ou Pleno dá Corporación.

2.-Corresponderanlles a estas comisións ou estudo e ou ditame previos dous asuntos que deban someterse á decisión do Pleno ou dá Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Comisión de Goberno cando este órgano lles solicite ditame.

3.-Corresponderalle ó Pleno determina-o número e a denominación das comisións de estudo, informe ou consulta e mailas súas modificacións.

4.-Estas comisións poderán constituírse tamén con carácter temporal para tratar de temas específicos.

5.-As comisións estarán integradas polos membros que designen vos distintos grupos políticos que forman parte da Corporación, de conformidade cos criterios ós que se refire ou artigo 66.2 desta lei”.

Logo de ver, por outra banda, os artigos 123 a 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), en especial, os artigos 124.1 e .2 , segundo o cal “1. As Comisións informativas poden ser permanentes e especiais.

2. Son Comisións informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que han de someterse ao Pleno.

O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do Alcalde ou Presidente, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos. (...)” e o artigo 125 ROF de conformidade co cal “No acordo de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña) □

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

creación das Comisións informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a.-O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

b.-Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c.-A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.”.

Por outra banda, segundo o artigo 127 ROF “1.-A Comisión especial de contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

2.-Corresponde á Comisión especial de contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extrapresupuestarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, #de acordo con o establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

3.-Ben a través do regulamento orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión especial de contas poderá actuar como Comisión informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda da entidade.”.

Primeiro.-Constituír as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a seguir:

- Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.
- Comisión informativa especial de contas.

Segundo.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, sexa a seguinte: Ademais, da Presidencia (sen voto, agás o de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E: P-1502100 I

calidade, no seu caso), cada comisión contará cun/ha representante de cada grupo municipal, con voto ponderado segundo o establecido nos artigos 66.2 e 68.5 LALGA, cos seguintes valores:

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 7 votos

Grupo municipal do Partido Popular, 5 votos

Grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, 1 voto

Terceiro.-A adscripción concreta a cada comisión dos/as membros da Corporación que deban formar parte daquela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro de cada un de tales grupos dirixido ao Alcalde-Presidente, designación da orde de suplentes, e do que se dará conta ao Pleno.

Cuarto.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Quinto.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o venres anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 14:45 horas.

Sexto.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.”

Visto que polos grupos municipais concreouse a adscripción concreta dos membros en representación de cada grupo , máis o escrito presentado polo concelleiro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños D. Francisco Bello Hermida con número de rexistro de entrada 202499900001007 en data 10/9/2024 :



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Francisco Javier Bello Hermida, con DNI [REDACTED] 01.58 [REDACTED], expoño:

Que presentado escrito en data 22 de xuño de 2023, con número de entrada no rexistro xeral do Concello 1464 no que consta como membro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Carral.

COMUNICO:

O abandono como membro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Carral aos efectos oportunos.

Carral, 9 de setembro de 2024

Visto que dito abandono do grupo municipal de Alternativa dos Veciños afecta á composición da/s comisión/s o pasar a ser un membro non adscrito en aplicación do disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local:

Artículo 73.

3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o **que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.....**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación.

Esta previsión no será de aplicación en el caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cuando alguno de los partidos políticos que la integren decida abandonarla.

Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.

Cuando la mayoría de los concejales de un grupo político municipal abandonen la formación política que presentó la candidatura por la que concurrieron a las elecciones o sean expulsados de la misma, serán los concejales que permanezcan en la citada formación política los legítimos integrantes de dicho grupo político a todos los efectos. En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.

Visto cambios na composición plenaria, tanto por existencia de membro non adscrito como toma de posesión de novo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-*Manter as Comisións Informativas Permanentes constituídas por acordo plenario de data 29/6/2024 que se relacionan a seguir:*

- Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.*
- Comisión informativa especial de contas.*

SEGUNDO.-*Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, e a actual existencia dun membro non adscrito sexa a seguinte: Ademais, da Presidencia (sen voto, agás o de calidade, no seu caso), cada comisión contará cun/ha*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña) □

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

representante de cada grupo municipal, con voto ponderado segundo o establecido nos artigos 66.2 e 68.5 LALGA, cos seguintes valores:

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 6 votos

Grupo municipal do Partido Popular, 5 votos

Grupo municipal mixto (concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, 1 voto

Membro no adscrito Francisco Javier Bello Hermida 1 voto

TERCEIRO. – **Solicitar que se actualicen as** adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando un titular e un suplente , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto , e reducíndose o voto ponderado do membro do grupo de Alternativa dos Veciños a 6 .

CUARTO.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

QUINTO.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o luns anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 14:45 horas, e para as extraordinarias se celebrará a/s sesión/s da/s Comisión/s con dous días hábiles de antelación ó pleno á hora que se fixe polo Presidente na convocatoria.

SEXTO.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E: P-1502100 I

Sexa remitida esta proposta á Secretaría municipal aos efectos oportunos e incluída na orde do día da vindeira sesión plenaria para o seu tratamento.

Carral asinado electronicamente na data e hora que figura na marxe

O Alcalde :

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose”

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Bello Hermida concelleiro non adscrito

Intervén o Sr. Bello para indicar que o seu voto será en contra de dita proposta xa que non considera xusto o sistema do voto ponderado xa que, continua o Sr. Bello el levaba formando parte un ano dun grupo e o grupo usou o seu voto sen informalo de nada nin consultalo, entende o Sr. Bello que habería mais casos nin se informaba do que ía á comisión nin se preguntaba cal era a intención de voto dos concelleiros, polo tanto indica o Sr. Bello que a el lle gustaría que a porcentaxe dos membros que fosen ás comisións fose superior.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco Fidalgo quen indica que non fará intervención

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para indicar que cando se constituíu esta corporación e ao mes seguinte se falou das comisións informativas ao seu grupo lles sorprendeu que fora voto ponderado xa que o Partido Popular, con 5 concelleiros, pedía que fora proporcional aos concelleiros que eran. Manifesta o Sr. José Luis que supón que sería por cuestións económicas e polo tanto o voto ponderado no canto de ser unha parte proporcional dos 5 concelleiros que podían ser 3 ou 2, eso diríao o ROF, os concelleiros que corresponden, pero o Partido Popular está dacordo en que o voto ponderado non é o mais idóneo para a participación dos 13 concelleiros que conforman esta corporación .

Sen mais intervencións procédese a votación por maioría con 6 votos en contra (5 votos dos concelleiros/as do grupo municipal de PP) e (1 voto do concelleiro do grupo non adscrito), 1 voto abstención (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e 4 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños) **a referida proposta non prospera polo que non se adopta o acordo.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-15021001

QUINTO.- Ditame proposta de acordo para aplicar o sistema de vídeo acta no concello de Carral (A Coruña). Expediente Tedec 2023/G013/000001

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 23 de setembro relacionado coa orde do día.

“DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 23 DE SETEMBRO DE 2024.

DITAME PROPOSTA DE ACORDO PARA APLICAR O SISTEMA DE VÍDEO ACTA NO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA),expedientes en TEDEC 2023/G013/000001

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións...

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por unanimidade, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (6 votos), do grupo municipal do Partido Popular (4) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar a implantación do sistema de actas audiovisuais, de xeito que se incorpore o arquivo audiovisual na elaboración das actas das sesións do Pleno do concello. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, incorporárase á acta da sesión, sen necesidade de facer constar na acta escrita documento electrónico as deliberacións.

SEGUNDO.-A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión será un documento electrónico e multimedia que conterá como mínimo:

- a. A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se fora o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
- b. A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

- c. Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

O contido íntegro do vídeo da sesión, xunto coa acta e orde do día poderá ser visualizado en calquera momento pola cidadanía na sede electrónica do concello de Carral , na dirección <https://sede.carral.es>. Asemade, en aras de garantir unha maior participación cidadá o concello poderá retransmitir, en directo u diferido, as sesións do Pleno a través da páxina web municipal ou por outro medio de comunicación.

As actas almacenaranse en formato electrónico nos sistemas que soportan a tramitación electrónica do concello de Carral.

TERCEIRO.-Publicar este acordo no taboleiro de edictos municipal e no portal de transparencia a efectos do seu público coñecemento.”

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Francisco Bello

Intervén o Sr Bello Hermida para indicar que el está dacordo con este punto e manifesta que xa debería de levar tempo implatado.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á Sra. Blanco Fidalgo.

Intervén a Sra. Blanco Fidalgo que ela está dacordo e que xa o Partido Socialista o pedira no seu momento e que como xa comentou na comisión informativa e que agora solicita neste pleno é que se faga retransmisión en directo dos plenos e que o arquivo este dispoñible na web a partir do seguinte día hábil á celebración do pleno e que non se tarde en publicar na web como se tarda con outros documentos.

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. José Luis Fernández

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para preguntar se no punto anterior decaeu a proposta do Sr. Alcalde.

Intervén a Sra. Secretaria para indicar que o punto anterior non prosperou xa que houbo 6 votos en contra, unha abstención e 4 votos a favor, polo tanto insiste a Sra. Secretaria a proposta non prosperou.

Continua o Sr. Fernández Mouriño dicindo que no que se refire a esta proposta ao seu grupo parécelle ben e ratifica as palabras da voceira socialista que sexa inmediato



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Sen mais intervencións por unanimidade, 4 votos a favor do grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, 5 votos do grupo municipal do PP, 1 voto da concelleira do grupo mixto e 1 voto do membro non adscrito o Pleno municipal adoptou o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-Aprobar a implantación do sistema de actas audiovisuais, de xeito que se incorpore o arquivo audiovisual na elaboración das actas das sesións do Pleno do concello. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, incorporárase á acta da sesión, sen necesidade de facer constar na acta escrita documento electrónico as deliberacións.

SEGUNDO.-A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión será un documento electrónico e multimedia que conterá como mínimo:

- a. A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se fora o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
- b. A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.
- c. Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

O contido íntegro do vídeo da sesión, xunto coa acta e orde do día poderá ser visualizado en calquera momento pola cidadanía na sede electrónica do concello de Carral, na dirección <https://sede.carral.es>. Asemade, en aras de garantir unha maior participación cidadá o concello poderá retransmitir, en directo ou diferido, as sesións do Pleno a través da páxina web municipal ou por outro medio de comunicación.

As actas almacenaranse en formato electrónico nos sistemas que soportan a tramitación electrónica do concello de Carral.

TERCEIRO.-Publicar este acordo no taboleiro de edictos municipal e no portal de transparencia a efectos do seu público coñecemento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

SEXTO.-_Ditame levantamento de reparo suspensivo e recoñecemento extraxudicial de crédito en relación a gratificacións por servizos extraordinarios prestados pola policía local en 2023-2024 . Expediente Tedec 2024/X999/000111

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 23 de setembro relacionado coa orde do día.

“DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 23 DE SETEMBRO DE 2024.

ASUNTO.- DITAME LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO E RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO EN RELACIÓN A GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS PRESTADOS POLA POLICÍA LOCAL EN 2023-2024_expedientes en TEDEC 2023/X999/000111

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións...

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (6 votos), e coas abstencións do grupo municipal do Partido Popular (4) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo da intervención municipal ao recoñecemento extraxudicial das cantidades solicitadas como gratificacións extraordinarias por servizos prestados pola policía local de Carral no exercicio 2023 e ao recoñecemento das cantidades solicitadas como gratificacións extraordinarias por servizos prestados pola policía local de Carral no exercicio 2024 por importe total de 11.521,88 €.

MANUEL ALFONSO FACHAL BERMÚDEZ

VALOR HORA ORDINARIA (20,08€)

VALOR HORA EXTRA (30,12€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA (40,16€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA E NOCTURNA (60,24€)

HORAS TOTAIS REALIZADAS 30. HORAS IMPUTABLES AO 2023, 26. HORAS IMPUTABLES AO 2024, 4.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

DÍA	HORARIO	HORAS EXTRA	HORAS EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORAS EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	TOTAL IMPORTE
06/08/2023	8:00- 15:00	-	7 h	-	281,12€
08/09/2023	12:00-15:00	-	3 h	-	120,48€
09/09/2023	12:00-15:00	-	3 h	-	120,48€
10/09/2023- 11/09/2023	12:00-1:00	-	11 h	2 h	562,24€
11/02/2024	15:00-19:00	-	4 h	-	160,64€
					1.244,96€

MARCOS CASAS CALO E JUAN MANUEL GÓMEZ GÓMEZ

VALOR HORA ORDINARIA (17,13€)

VALOR HORA EXTRA (25,69€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA (34,26€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA E NOCTURNA (51,39€)

MARCOS CASAS CALO

HORAS TOTAIS REALIZADAS 84. HORAS IMPUTABLES AO 2023, 47. HORAS IMPUTABLES AO 2024, 37.

DÍA	HORARIO	HORAS EXTRA	HORAS EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORAS EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	TOTAL IMPORTE
06/08/2023	8:00- 15:00	-	7 h	-	239,82€
06/09/2023- 07/09/2023	21:00-5:00	-	1 h	7 h	393,99€
07/09/2023- 08/09/2023	22:00-6:00	-	-	8 h	411,12€
08/09/2023- 09/09/2023	22:00-6:00	-	-	8 h	411,12€
09/09/2023- 10/09/2023	22:00- 6:00	-	-	8 h	411,12€
10/09/2023- 11/09/2023	20:00-4:00	-	6 h	2 h	308,34€
01/01/2024	0:30-08:30	-	5,5	2,5 h	316,90€
11/02/2024	16:00-00:00	-	6 h	2 h	308,34€
11/05/2024	13:00-16:00	-	3 h	-	102,78€
11/05/2024- 12/05/2024	20:30-04:30	-	1,5 h	6, 5 h	385,42€
12/05/2024	12:00-16:00	-	4 h	-	137,04€
12/05/2024-	20:00-02:00	-	4 h	2 h	239,82€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

13/05/2024					
TOTAL					3.665,81€

JUAN MANUEL GÓMEZ GÓMEZ

HORAS TOTAIS REALIZADAS 74. HORAS IMPUTABLES AO 2023, 40. HORAS IMPUTABLES AO 2024, 34.

DÍA	HORARIO	HORAS EXTRA	HORAS EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORAS EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	TOTAL IMPORTE
06/09/2023-07/09/2023	21:00-05:00		1 h	7 h	393,99€
07/09/2023-08/09/2023	22:00-6:00	-	-	8 h	411,12€
08/09/2023-09/09/2023	22:00-6:00	-	-	8 h	411,12€
09/09/2023-10/09/2023	22:00- 6:00	-	-	8 h	411,12€
10/09/2023-11/09/2023	20:00-4:00	-	6 h	2 h	308,34€
01/01/2024	0:30-08:30	-	5,5 h	2,5 h	316,90€
11/02/2024	19:00-00:00	-	3 h	2 h	205,56€
11/05/2024	13:00-16:00	-	3 h	-	102,78€
11/05/2024-12/05/2024	20:30-04:30	-	1,5 h	6, 5 h	385,42€
12/05/2024	12:00-16:00	-	4 h	-	137,04€
12/05/2024-13/05/2024	20:00-02:00	-	4 h	2 h	239,82€
TOTAL					3. 323,21€

ALBERTO FERNÁNDEZ PADERNE E LIDIA LOUREIRO BORRAZÁS

VALOR HORA ORDINARIA (15,40€)

VALOR HORA EXTRA (23,10€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA (30,80€)

VALOR HORA EXTRA FESTIVA E NOCTURNA (46,20€)

ALBERTO FERNÁNDEZ PADERNE

HORAS TOTAIS REALIZADAS 40. HORAS IMPUTABLES AO 2023, 32. HORAS IMPUTABLES AO 2024, 8.

DÍA	HORARIO	HORAS EXTRA	HORAS EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORAS EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	TOTAL IMPORTE
06/09/2023-07/09/2023	21:00- 05:00	-	1 h	7 h	354,20€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

07/09/2023-08/09/2023	22:00-06:00	-	-	8 h	369,60€
08/09/2023-09/09/2023	22:00-06:00	-	-	8 h	369,60€
09/09/2023-10/09/2023	22:00-06:00	-	-	8 h	369,60€
11/05/2024-12/05/2024	20:30-04:30	-	1,5 h	6,5 h	346,50€
					1.809,50€

LIDIA LOUREIRO BORRAZÁS

HORAS TOTAIS REALIZADAS 38. HORAS IMPUTABLES AO 2023, 30. HORAS IMPUTABLES AO 2024, 8.

DÍA	HORARIO	HORAS EXTRA	HORAS EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORAS EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	TOTAL IMPORTE
06/08/2023	08:00- 14:00	-	6 h	-	184, 80€
07/09/2023-08/09/2023	22:00-06:00	-	-	8 h	369,60€
08/09/2023-09/09/2023	22:00-06:00	-	-	8 h	369,60€
09/09/2023-10/09/2023	22:00-06:00	-	6 h	2 h	277,20€
11/05/2024-12/05/2024	16:00-00:00	-	6 h	2 h	277,20€
					1.478,40€

SEGUNDO.-Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito de ditos gastos por valor/hora establecido para servizos extraordinarios no orzamento 2024 por un importe total de 10.192,42 € que serán distribuídos proporcionalmente en función do número total de horas de cada policía local aplicando o gasto ao orzamento municipal de 2024, partida orzamentaria 2024.132.151000

TERCEIRO.- Compensar con descansos, de forma proporcional, as horas extraordinarias que se consideran realizadas e non poden retribuírse por falta de crédito orzamentario, solicitando proposta de distribución de ditos descansos ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo á intervención municipal e notificar o mesmo aos interesados.”

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Bello Hermida

Intervén o Sr. Hermida para indicar que reusa a súa intervención.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco Fidalgo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Intervén a Sra. Blanco para indicar que vaia ló xa que o goberno municipal pretende trasladar ao pleno a resolución dun problema que xerou o propio goberno municipal xa que se está considerando que a festa do Socorro, a festa do Pan, a BTT, etc deben de ser casos que son o primeiro ano que se fan, casos extraordinarios, e que non eran previsibles a principios de ano cando se fixo o cuadrante de persoal e, continua a Sra. Blanco, por outro lado informa a interventora que para poder facer horas extraordinarias a policía ten que pedir primeiro autorización ao Sr. Alcalde e a autorización foi verbal a cal non segue o procedemento e como xa se falou na Comisión Informativa, segue indicando a Sra. Blanco, as horas de 2023 nas contas que se fixeron se pagarían no 2024, unha serie de reparos que pon a intervención municipal, non hai crédito suficiente e non queda suficientemente motivado si esas horas foron ou non compensadas.

Continua dicindo a Sra. Blanco que para ela este caso supón un debate moral, as horas traballadas hai que recuperalas ou cobralas, non hai outra maneira pero, indica a Sra. Blanco que ela estaría dando por bo unha malísima xestión por parte do concello cando nomes de xaneiro tiña que ter un cuadrante pensando nesas festas que son anuais e sempre se fan nas mesmas datas. Indica a Sra. Blanco que ata agora o goberno municipal tiña a maioría absoluta pero agora xa non a ten e en adiante, a oposición terá que levantar reparos que se traian ao pleno xa que o goberno non ten a maioría para levantalos.

Manifesta a Sra. Blanco que ela non ten porque non crer o informe da policía no que se dí que fan X horas e evidentemente as farán pero, indica a Sra. Blanco que o único que o goberno traslada é unha pésima xestión das horas da policía.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Mouriño

Indica o Sr. Mouriño que non so é cuestión de unha xestión mellor ou peor, xa que sempre houbo festas, recorda o Sr. Mouriño cando só había un policía local, o Sr. Mario, despois houbo 2 o Sr. Mario e Guillermo, logo houbo 3 e despois 5 e agora cre o Sr. Mouriño que hai 7 ou 5 polo menos e un mais. Non entende o grupo popular como un alcalde trae a un pleno unha proposta na cal ten informes en contra por parte da intervención municipal e, continua o Sr. Mouriño indicando que o seu grupo non pode avala a proposta que o Sr. Alcalde trae ao pleno. Indica o Sr. Fernández que en 16 anos que el estivo de alcalde xamais se lle ocorreu levar a un pleno un punto o cal non tivera todos os informes positivos, continua dicindo o Sr. Fernández que non entende como se lle ocorre ao Sr. Alcalde traer isto así, soamente pensando na responsabilidade que lle caería si se saca adiante este tema. Indica o Sr. Fernández que por facerlle un favor ao Sr. Alcalde o seu grupo vai a votar en contra, xa que votar en contra agora mesmo é axudarlle a que non prevarique. Insiste o Sr. Fernández que non se pode levar a un pleno unha proposta con informes negativos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Indica o Sr. Fernández que hai dous ou tres anos o concello de Cambre estivo na mesma situación, a cal están pendentes de que haxa sentenza ou non haxa sentenza pero o alcalde posiblemente fora inhabilitado por este mesmo tema, por iso mesmo o grupo popular faille un favor ao Sr. Alcalde non votando a favor desta proposta, de case 12000 € de horas extraordinarias da policía local que como ben dí a voceira do grupo socialista seguro que as fixeron pero hai formas de coordinarse para evitar que se fagan esas horas extraordinarias, xa que as festas húboboas toda a vida e non entende o grupo popular porque esa cantidade de horas extras 12.000 € de horas extras.

Sen mais intervencións con 5 votos en contra (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de PP), 2 abstencións (1 abstención da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE e 1 abstención do membro non adscrito) e 4 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños) dita proposta non prospera non sendo adoptado o acordo proposto .

SÉPTIMO.- Dación de contas de decretos do 305/2024 de data 23 de xullo de 2024 ata o 369/2024 de data 19 de setembro de 2024.

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros dos decretos do alcalde dende 27 de maio que é o decreto 203/2024 ata o 22 de xullo de 2024 que é o decreto numero 304/2024.

Antes de pasar a rolda de rogos e preguntas, pregunta o alcalde en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presentan mocións.

Indica o Sr. Alcalde que quere intervir para indicar que o grupo do partido popular presentou un escrito solicitando un pleno extraordinario o 19/09/2024 e por parte da secretaría municipal solicita ao Sr. Alcalde que xa que vai a haber outro pleno extraordinario para a aprobación definitiva da conta xeral que se realizará



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña) □

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

entre o 7 e o 12 de outubro, pregunta o Sr. Alcalde se aos señores do grupo popular non lles importaría facer un pleno extraordinario con estes dous puntos, o solicitado polo grupo popular e a aprobación definitiva da conta xeral.

Intervén o Sr. Mouriño para indicar que está mais que definido na Lei de Bases de Admon Local que os plenos extraordinarios solicitados pola oposición haberá de ser un pleno único, indica o Sr. Mouriño que o seu grupo non ten inconveniente nin ánimo de lucro en canto a dicir que este pleno extraordinario era para cobrar é ao revés, non teñen inconveniente en que sexan dous plenos o mesmo día e cobrar so un, pero o que o grupo popular ten claro e que sí teñen que ser dous plenos, é dicir dúas convocatorias distintas, unha para aprobar a conta xeral e outro pleno para a petición que o grupo popular fixo, ahí estarían dacordo.

Indica a Sra. Secretaria que a normativa permite se o autoriza o grupo que solicitou o pleno extraordinario, só baixo a súa autorización, que o asunto a tratar se incorpore na orde do día dun pleno extraordinario ou ordinario.

Manifesta o Sr. Fernández que a normativa non cambiou e non é a primeira vez que no mesmo día se fixeron dous plenos extraordinarios para que non se perciba mais de un pago.

O Alcalde acepta a petición do voceiro do grupo municipal do PP.

OITAVO.- Rogos e preguntas

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Concelleira de Obras e Servicios para contestar ás preguntas que se fixeron, por parte dos grupos da oposición no último pleno:

Intervén a Sra. Rabuñal para dicir:

En referencia ós rogos e preguntas que no pleno anterior plantexou a Concelleira Dona Patricia Blanco Fidalgo , referentes as Concellerías que eu xestiono paso a contestalas:

1-Avería problema de auga dos veciños en Tabeaio.

O 25/7/2024 e o 26/7/2024 por mor dunha avería en Tabeaio os veciños estiveron sen auga, motivado por un fallo no motor de bombeo , Emalcsa cambiou o motor, e o problema solucionouse, tal e como xa explicou o Alcalde no pleno anterior.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Efectivamente , o servizo de abastecemento de auga está xestionado por Emalcsa. Dependendo do tipo de avería que se trate en cada caso o servizo pode verse interrompido máis ou menos tempo, e eso sí que é verdade que quen é responsable de solucionalo é Emalcsa, que é a empresa que se ocupa do servizo.

Dende o Concello cando un veciño chama para interesarse ou preguntar se hai algún problema con algunha avería relacionada co servizo de abastecemento de auga , ou con calquera outro servizo, chámase a Emalcsa ou a quen corresponda , obtense a información e despois informase os veciños, non so neste caso en concreto, se non como aconteceu noutras ocasións , nas que o Concello chamou , e informou , e intentar axilizar os traballos que Emalcsa estea a facer para solucionar o problema canto antes e sen culpar en ningún momento a ninguén. Neste caso o 25 era festivo, e o 26 de xullo cando fomos coñecedores da incidencia actuouse como se fai sempre.

2-Desbroce

Neste punto , quero responder tanto a Sra Fidalgo como o Sr Mouriño , posto que ambos incidiron neste punto no último pleno.

Primeiramente , quero pedir disculpas ós veciños que se viron máis perxudicados no tema do desbroce de camiños , en especial os veciños de algunha zona de Tabeaio como Piñeiro e Sobrepiñeiro, onde se están facendo neste momento o desbroce .

Os veciños teñen toda a razón do mundo , este ano o desbroce foi máis retrasado que no ano anterior e os camiños teñen moita falta de limpar, pero o retraso que levamos é dun mes con respecto os outros anos , non de meses e meses ...non me vou xustificar nin buscar excusas , porque repito os veciños teñen razón pero **SI** vou explicar o porque deste retraso:

Como ben explicou o Alcalde no pleno anterior, a persoa coa que se conta no concello para facer o desbroce tivo unha baixa de longa duración , estaba sendo substituído por outra persoa , e no momento en que colleu a alta tivemos que dar de baixa ó substituído .

A persoa que estaba de baixa , solicitou as vacacións as que tiña dereito , que foron 2 meses e por suposto que se lle concederon porque é un dereito que ten a disfrutar, por todo o período de devengo no cal estivo de baixa e polas que tiña pendentes de disfrute antes de iniciar o período de incapacidade temporal.

O Concello non funciona como unha empresa privada , e vostede sabeo de sobra Sr Mouriño, non se pode facer unha alta dende un día para outro , hai que seguir un procedemento e cumprir uns prazos.

Ante a situación na que nos atopabamos , como concelleira de Medio ambiente tras reunirme cos servizos xurídicos e coa Secretaría , dada a urxencia e a necesidade de levar a cabo este servizo canto antes e,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

buscouse a forma mais rápida, correcta e LEGAL para facer a contratación do servizo a través dunha empresa externa. E así se fixo

Neste momento , o servizo con esa empresa externa rematou, e o que queda por desbrozar estase facendo o mais rápido que se pode nas zonas que estaban pendente de desbroce; Aínda así , buscouse e estase buscando seguir dando un bo servizo os veciños, e antes de que acabase o servizo coa empresa externa coa que se fixo o contrato, fíxose a xestión pertinente coa Xunta e conseguiuase a cesión dun tractor, o cal nos foi entregado hai uns días, e estase mirando con servizos xurícos, Intervención e Secretaria a forma de poder levar a contratación para reforzar o servizo de desbroce.

En referencia as carreteras da Diputación e da Nacional 550 , dende a Concellería de Medioambiente solicitouse por escrito e mediante chamadas telefónicas que se procedese a executar o desbroce das áreas afectadas.

O Concello , cos seus medios humanos e materiais procedeu a levar a cabo desbroce en varias zonas, como en Tabeaio , a carretera de Cañas hacía Carral o longo da beirarúa ..o que non vai facer o Concello é o traballo de Fomento ou da Diputación e deixar o noso sen facer, cando xa imos retrasados.

Paso a responder ós rogos e preguntas plantexados polo Sr Mouriño

1-Visita a Augas de Galicia

No pleno anterior comentaba vostede, que tiña constancia de que fomos a Augas de Galicia e quería saber como nos foi.

Tal e como no pleno anterior lle contestou o Sr Alcalde , vostede sabe de sobra como nos foi, a que fomos , e o que nos dixeron...pero non teño ningún inconveniente en explicarllo os veciños, o contrario creo que deben sabelo:

Efectivamente o 16 de xullo acudimos a Augas de Galicia e mantivemos unha reunión con Don Roi Fernández Añón , Director de Augas de Galicia. O motivo da nosa cita foi buscar unha solución o problema da Edar do Quenllo ,problema que se arrastra dendo o ano 2010 e para tratar a asunción do servizo de saneamento e abastecemento por parte de esta entidade

Pola nosa parte nesa reunión pediuse que Augas de Galicia tal e como establece a Lei 1/2022 de 12 de xullo nos seus artigos 22 e 23 , no cal se regula a posible xestión autónoma por parte de Augas de Galicia das infraestruturas de titularidade desta entidade local e prestación de servizos relacionados co ciclo integral a auga, e tal como establece o artigo 25 da mesma Lei Augas de Galicia emitira un informe previo de carácter



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

técnico , administrativo e económico da situación das infraestruturas que se pretendan xestionar, é dicir para que todo o mundo entenda , nesa reunión pideselles a Augas de Galicia que cumplan o que pon na Lei e que fagan a pertinente auditoria para unha posible asunción por parte de eles do servizo de abastecemento e saneamento.

Resposta de Augas : Teñen cousas mais importantes na lista, e que bueno nos estan atendendo como para facernos un favor, e que si , que a Lei ... si , pon o que pon , pero bueno unha cousa e o que pon a Lei e outra o que farán .

Quedaron ese día , 16 de xullo de remitirnos un correo coa documentación que consideraran necesaria para ver se nalgún momento nos tocaba na lista. A día de hoxe 26 de setembro, non recibín nada.

No pleno anterior , A Sra Fidalgo insistiu en que había que buscar unha solución para a depuradora, e estou de acordo por eso tras esa reunión solicitouse por escrito a Augas de Galicia que asuman o servizo da Depuradora do Quenllo e que cumplan coa normativa e coa Lei e fagan os informes técnicos, administrativos e económicos ...Agora que me contesten ,que nos digan que non o fan ...ou que non contesten...dende esta corporación local imos facer o que teñamos que facer para solucionar un problema que REPITO se arrastra dende o ano 2010 .

O Sr Mouriño deixa constancia no pleno anterior que o que hai que facer é seguir preguntando todos os días para que nos den os cartos para a depuradora, ¿vostede chamou todos os días dende o 2010 ata o 2019? Tampouco o conseguiu, algo falla.

2-Plaza da Capela

A acta de replanteo de recuperación da praza da Capela asinouse o 17/6/2024 , e as obras iniciaronse o día seguinte 18/6/2024.

O prazo de execución según proxecto son 4 meses.

Os retrasos que se levan na obra foron ocasionados porque o subministro da pedra por parte de canteira retrasouse moito, e porque no mes de agosto a empresa dende o 12 de agosto ata o 26 colleron vacacións, pero a obra sigue a diante , estase realizando e dentro de pouco estará rematada.

3-Robles Americanos na Rúa Manuel Méndez Búa (20000 euros, 1999,98 para actuacións de sensibilización , resto para obra civil, facer alcorques , plantación de árbores)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E: P-1502100 I

No pleno anterior pregunta o Sr Mouriño quen diseñou a plantación de robles americanos na Rúa Manuel Méndez Búa.

Esa actuación esta encadrada dentro da subvención a cal o Concello de Carral foi beneficiario no ano 2023 en virtude da Orde do 15 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de xzudas a entidades locais de Galicia, para o desenvolvemento do Proxecto PIMA cambio climático para a realización de accións de mitigación e adaptación ao cambio climático .

A memoria esta feita por Flinq Ingeniería SL , e os árbores non son Robles Americanos, son Arce de Freeman (nombre técnico Hacer Fremanii), tal e como se recolle na memoria.

4-Taxis

Falouse con Movilidad da Xunta, faloúse con outros Concellos , verificaronse varias consultas legais e o Servicio de Taxi NON é un servicio municipal en sentido estricto, tratase de un servicio impropio .

Os Concellos teñen que garantir que haxa certos servicios como pode ser o de Taxis, o de farmacia donde o Concello ten unha intervención superior a calquera outro tipo de servicio particular pero sobre certas actuación na parada de taxi si ten competencia o Concello , como pode ser a sinalización da parada, pero o que ten que ver co contrato de telefonía e o subministro é algo que ten que xestionar o colectivo de Taxis

Toma a palabra a Sra. Mantiñán para respostar a unha pregunta que fixo a voceira do grupo mixto-PSdG-PSOE, sobre como estaba o expediente de axuda a domicilio. Indica a Sra. Mantiñán Insua que saiu a licitación e o día 9 de setembro reuniuse a mesa de contratación e se presentaron 4 empresas a esta oferta e neste intre están as técnicas estudando os pregos que se presentaron o día 30 de setembro volverase a reunir a mesa.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao Sr. Bello Hermida.

Indica o Sr. Bello que ten varias preguntas

Pregunta o Sr. Bello Hermida que recordarán que nas Teixoeiras, na parroquia de Tabeaio hai unha pista que conecta Belvís con Gosende e en novembro de 2023 rompeu unha tubería e fixo baixar a estrada e está case o 40 por cento da estrada derrubada o que é un perigo para transitar tanto vehículos como peóns, continua dicindo o Sr. Bello que vai a facer un ano disto e os veciños preguntaron e informáronlles, a comezos de ano, de que estaban pendentes dun permiso de Augas de Galicia e que o permiso tardaría sobre 3 meses que é o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

que soen tardar e estase a rematar setembro e está todo cunhas varillas e unha cinta que xa caeron e os veciños preguntan se hai algún avance e cando se vai a facer ou se hai unha subvención para ese tema.

Indica o Sr. Alcalde que se estaba esperando polo informe de Augas de Galicia e unha vez que se teña dito informe procederase a facer a obra xa que é unha obra que fará o propio concello, non ten subvención ningunha, nun principio íase colocar un simple tubo pero Augas de Galicia solicita un tubo dunhas dimensións en condición e, indica o Sr. Alcalde que no próximo pleno lle darán mais información, xa que é unha obra que ten que facer o concello e de persoal están moi xustos.

Roga o Sr. Bello que polo menos se sinalice de novo xa que aquilo é un perigo.

Continua dicindo o Sr. Bello Hermida que no tema dos desbroces, a parroquia de Tabeaio, como dicía a concelleira de Medio Ambiente, quedou para o final e está todo mal que perde cada estrada casi 1 metro por cada lado sendo un perigo para vehículos e peóns, indica o Sr. Hermida que a concelleira deu a súa explicación pero o Sr. Bello cree que son todo excusas e parches, xa que o 80 por cento dos desbroces das pistas municipais sempre foi feito por unha empresa externa non é botarlle a culpa a un traballador que está de baixa médica xa que non foi un imprevisto porque estivo de baixa un ano e pico e cre o Sr. Bello que habendo partida orzamentaria, sobre 30.000 €, había que haber contratado unha empresa e non estar rematando setembro

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Bello sabe que hai que sacar un prego único cando se pasa de 15000 € e so se puido sacar outro prego.

Indica o Sr. Bello que había cartos e previsión, polo tanto ten razón non que el di.

Continua falando o Sr. Bello dicindo que os veciños preguntanlle se o Albergue de Sergude íaselles dar solución pero alí aínda non se solucionou nada e os veciños preguntan como está ese tema, si hai algún avance e se se falou co Xacobeo.

Resposta o Sr. Alcalde que o Xacobeo no mes de xullo deste ano, o Sr. Ildfonso de la Campa prometeu vir aquí, e o que xestiona o Plan Xacobeo pero agora a Xunta desvia ao Concello ao Sr. Antonio Casás que é o Xerente da Axencia de Turismo é o único que ten o concello de Carral ata o momento, sinala o Sr. Alcalde que é algo que depende única e exclusivamente da Xunta de Galicia.

Continua o Sr. Francisco Bello preguntando porque na parroquia de Sergude levan sobre 3 meses con vallas de EMALCSA xa que teñen roturas no subministro de auga pero, indica o Sr. Bello, as vallas ocupan un espazo grande da estrada e non se lles da solución, indica o Sr. Hermida se non se pode presionar a EMALCSA, xa que as vallas levan alí 3 meses e un burato de un metro e medio.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Continua o Sr. Bello preguntando se en referencia ao POS 2025 o equipo de goberno ten algúns proxectos e cales son xa que lle interesa saberlo para á hora de decidilos contén coa oposición, xa que el mesmo como concelleiro que foi de deportes lle gustaría que fosen as gradas do campo de fútbol, sinala o Sr. Bello que non sabe se hai algún proxecto ou hai algún avance e despois, como veciño de Tabeaio que é o Sr. Bello os veciños e veciñas pediron en varias ocasións intentar facer unha senda segura para que a xente poida ir a camiñar de forma segura.

Resposta o Sr. Alcalde que o orzamento das gradas o Sr. Bello sabe a que orzamento chega e que as gradas son importantes pero o concello ten outras necesidades bastante máis importantes.

Indica o Sr. Bello que sí sabe, que había un compromiso da Xunta de Galicia e había que levarlle unha memoria, xa que cando estivo aquí, en Carral, dixeron que lles levamos unha memoria e nos axudarían neso xa que é un dos poucos concellos que quedan na provincia da Coruña sen gradas.

Indica o Sr. Alcalde que no Burgo hai dous campos de fútbol moi grandes e tampouco teñen gradas, indica que non é no Burgo se non no da Barcala en Cambre.

Insiste o Sr. Bello dicindo que polo que ve eso non interesa.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco Fidalgo

Intervén a Sra. Blanco para darlle a benvida ao concelleiro do PP don Carlos Barbeito Rey e mándalle unha aperta de parte de todo o grupo do PSdG-PSOE de Carral.

Indica a Sra. Fidalgo que o que vai expoñer pode parecer unha cousa sen importancia pero levan xa máis dun ano con esta corporación e solicita a Sra. Blanco que se actualice a web do concello xa que a corporación municipal segundo a web consiste en 7 persoas que son os 7 membros de Alternativa dos Veciños, agora, indica a Sra. Blanco que a terán que cambiar por outro número, así que por favor, non confundan, xa llo dixemos en outro momento, corporación municipal con goberno municipal, non é o mesmo, e agora mesmo neste Pleno, continua dicindo a Sra. Blanco, hai o exemplo, 4 persoas do goberno municipal e que non se corresponde con esa corporación municipal que está na web, pode parecer unha cousa menor pero non o é, sinala a Sra. Blanco, xa que si hai veciños que queren poñerse en contacto con algún concelleiro doutros grupos políticos non teñen maneira de saberlo.

Seguinte rogo, indica a Sra. Patricia en canto á limpeza dos camiños o volvo a traer xa que seguimos nas mesmas, levan meses de retraso, sempre se incide en que os incendios o importante é previlos non apagalos, entón sinala a Sra. Blanco os montes teñen que estar todo o ano limpos e se os veciños teñen as súas fincas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

sen limpar o concello avísao e, indica a Sra. Fidalgo que cos camiños debería de ser o mesmo. Indica a Sra. Patricia que en canto á estrada N550, iso é unha barbaridade como está, é un perigo, haberá que insistir a que a veñan limpar e se non veñen, insiste a Sra. Patricia haberá que ir a facelo dende o concello para que non haxa ningunha desgraza y, como indicaba o Sr. Mouriño no último pleno, sinala a Sra. Patricia, se non se pode contratar dunha maneira se contratará de outra e senón que o Sr. Alcalde nos chame e buscamos entre todos unha solución, porque o que non se pode permitir, manifesta a Sra. Blanco, é que haxa un accidente.

Nas últimas semanas dende o PSdG se lanzou unha enquisa aos veciños de Carral co gaio dos orzamentos da Xunta de Galicia, ao PSdG interésalle saber a opinión dos veciños de cara a facer as propostas á Xunta de Galicia e, indica a Sra. Blanco que vai a contar como foron os resultados desta enquisa.

Continua explicando a Sra. Blanco que aos veciños de Carral se lle deron 3 opcións de cara ao ingreso poboacional que é previsible e se lles falaba de apertura de centro de saúde pola tarde con ampliación de facultativos e enfermeiros, ampliación dos centros educativos, etc, e, indica a Sra. Blanco que o 83 % das persoas que participaron na enquisa ven o problema no Centro de Saúde, sinala a Sra. Blanco que isto significa que o problema xa existe agora mesmo e a Sra. Patricia insta ao concello a que lle solicite á Xunta de Galicia, por un lado que se abra o centro de saúde pola tarde e por outro lado hai médicos que están con listas de agarda de 10 ou 15 días e outros médicos que teñen cita dun día para outro, hai que instar á Xunta de Galicia, insiste a Sra. Fidalgo a que ese problema se resolva o que non pode ser é que haxa médicos con sobrecarga de traballo e outros que non.

Por outra banda, continua falando a Sra. Patricia, en canto á depuradora do Quenllo, todos os veciños din que a Xunta ten que pagar o 100 por cento pero sí se ten que dicir como se vai xestionar ese investimento, hai que resolvelo xa. Recorda a Sra. Patricia que nos últimos plenos o Sr. Alcalde dixo que xa non poñían cartos ninguén, nin a Xunta de Galicia nin a Deputación da Coruña.

Continua a Sra. Patricia dicindo que os veciños lle trasladaron que dentro do núcleo do casco urban de Carral hai certas rúas onde se fan carreiras de coches os fins de semana, en concreto estas rúas son a rúa Belvís de Paleo que vai por diante do Centro de Saúde, a rúa Rosalía de Castro, a rúa Outeiro, a rúa do Pan, Coiro e a rúa dos Chas, dende o grupo socialista proponse que se reduza a velocidade facendo pasos de peóns, etc pero o que non pode ser é que os coches pasen a esas velocidades polas rúas do centro de Carral.

Continua a Sra. Patricia dicindo que o 75 % dos usuarios de axuda no fogar pensan que funciona mal fronte a un 25 % de usuarios que pensa que se fai moi ben. Tomen nota desto, recomenda a Sra. Patricia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Por último, remata a Sra. Blanco que parece que neste concello non cambia nunca nada, vense aos plenos cada dous meses, preguntan o mesmo respostan o mesmo, parece que estamos no día da “Marmota”, sinala a Sra. Patricia que as respostas nunca son efectivas por parte do goberno, en cinco anos non se mellorou ningunha infraestrutura,.

Indica a Sra. Patricia que ao remate do ano anterior xa lle preguntara ao Sr. Alcalde como resumiría a súa sesión, que destacaría, ese día, sinala a Sra. Blanco, calou e hoxe tamén calará, indica a Sra. Blanco, porque non houbo ningún investimento, non houbo ningunha infraestrutura, algo que se diga que o fixo Javier Gestal, invita a Sra. Blanco ao Sr. Alcalde a que conte coa oposición para as propostas, conte cos partidos políticos que teñen representación do Parlamento de Galicia e a ver se entre todos, remata a Sra. Blanco, se saca unha cousa, aínda que sexa pequena, adiante.

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Mouriño dicindo que el cando escoita as radios locais, radio voz, a cope, a Ser, e escoita ao xefe do Sr. Alcalde, é dicir a Gelo, e sempre lle bota a culpa aos outros todos, sempre, a culpa é da Xunta, a culpa é do Estado, a culpa e da Deputación, a culpa é dalgún veciño nunca, nunca nunca a culpa é de Gelo, e vostede Sr. Alcalde, sinala o Sr. Fernández, aprendeu o mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle ao Sr. Mouriño que quere facer rogos ou preguntas.

Continua o Sr. Fernández dicindo que ata a Sra. Rabuñal colle a mesma carreira, porque hai cousas importantes e gustaríame que contestase cousas que non contestou, indica o Sr. Mouriño que el xa sabe que non son robles americanos pero son árbores moi parecidas, de 10 metros de altura e folla caduca, é un simple arce, indica o Sr. Fernández que ata agora de Transición ecolóxica só conseguiron 15 mil euros, cando había proxectos no anterior goberno xa solo dous millóns de euros para arranxar a N550 e o equipo de goberno rechazaronnos, non sabe o grupo popular porqué, e agora atópanse con catro millóns de euros que se pediron para a depuradora tampouco llos deron.

Manifesta o Sr. Fernández que de transición ecolóxica en concellos como Cerceda, como Laracha e todos os que están pegados ao Concello de Cerceda debido á Central Térmica que sufriron durante tantos anos os concellos tiñan unha compensación económica e o Concello de Carral agora mesmo preocúpalle que o que plantou foron arces e non robles americanos, árbores que teñen unha copa altísima de 10 metros e aínda encima non dan bellotas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Indica o Sr. Fernández que lle parece ben que diga da praza da Capela que o prazo de execución era de 4 meses xa que era o que o grupo popular lle dicía ao Sr. Alcalde que cando os técnicos nun proxecto poñen un prazo de execución case sempre se aproximan ao tempo que marcan, incluso ás veces o período é mais. Indica o Sr. Mouriño que era o Sr. Alcalde o que dicía que en tres semanas estaría a Praza da Capela finalizada.

Continua dicindo o Sr. Fernández que non se poden botar fora balóns aos taxistas, xa que no día anterior saíu unha nova na prensa dicindo que o Concello de Bergondo aprobara, por primeira vez, unha ordenanza para solucionar o problema dos taxis, e a Concelleira dí que non é cousa do Concello senón que é dos taxistas pero non é así é culpa da Xunta e do Concello de Carral. O Concello de Carral incluso ten a obriga de poñer as tarifas. Indica o Sr. Fernández á Sra. Rabuñal que si vai seguir con esa liña que se lle marca dende Oleiros é mellor que a cambie xa eu iso é o que está facendo o Sr. Alcalde e ratifica ao mesmo tempo as palabras da voceira socialista cando dí que en cinco anos o Sr. Alcalde non fixo nada por Carral.

Manifesta o Sr. Fernández que é verdade que o Sr. Alcalde non fixo nada por Carral e invitao a que sopese e a que valore un pouco o que está facendo neste concello xa que dúas propostas que se levaron ao pleno decaeron. Continua dicindo o Sr. Fernandez que se o Sr. Alcalde lle quere ao Concello de Carral que valore o que está facendo xa que é envidiable que hoxe en día haxa unha maioría absoluta e vostede tiña maioría absoluta e, sinala o Sr. Fernández, imaxina que coa prepotencia que ten o Sr. Alcalde fixo que os que non lle caen ben os bota fora, os que non lles rin as gracias bótaos fora e, sinala o Sr. Mouriño que así o Sr. Alcalde non o fai ben, o Concello non é propiedade do Sr. Alcalde, e indica que cando o Sr. Alcalde era aux administrativo facía ben a súa labor pero agora é alcalde e ten que ser incluso non solo cos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle que lle vai a cortar a palabra, solo ten que facer rogos e preguntas, non quere discursos que o aburren.

Manifesta o Sr. Mouriño que non lle corte a palabra.

Pregunta o Sr. Fernández porque ten o Plan Xeral de Ordenación Municipal paralizado

Resposta o Sr. Alcalde que no pleno anterior xa o explicou e voltarallo a responder no próximo pleno. Continua dicindo o Sr. Alcalde que el leva catro anos con este PXOM e o Sr. Mouriño botou 16 anos e o único que fixo foi que ía montar unha fonte do lado de fora do Concello, sinala o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández que non lle diga que el fixo unha xestión preciosa do Concello, indica o Sr. Alcalde que a súa non será tan boiante coma a do Sr. Mouriño pero, matiza o Sr. Alcalde que non quere que chegue ao nivel da súa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.E.: P-1502100 I

Manifesta o Sr. Alcalde que non quere compararse baixo ningún concepto co Sr. Mouriño, insiste o Sr. Alcalde en que o Sr. Mouriño se limite a facer preguntas e se deixe de discursos.

Manifesta o Sr. Fernández que é a primeira vez que pasa nun pleno. Cada dous meses, indica o Sr. Mouriño, teñen a oportunidade nun pleno ordinario de facer preguntas en nome dos compañeiros e incluso eles poden preguntar e reitera a súa pregunta o Sr. Mouriño que pasa co PXOM, e continua dicindo que seguro o Sr. Alcalde lle dirá que lle contestará para o pleno seguinte.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que lle respostará no pleno seguinte.

Insiste o Sr. Mouriño en que el sabe que non lle vai a contestar e pregunta ao Sr. Alcalde se ten algo oculto para non sacar o PXOM adiante, que pasa co inventario de camiños e que está pasando con EMALCSA, xa que caduca o tema de Emalcsa no 2025, sinala o Sr. Fernández que despois o Sr. Alcalde non lle poderá botar a culpa a EMALCSA, nin á Xunta, nin a Deputación nin ao Estado nin ao Xacobeo, agora vaille botar a culpa a Emalcsa porque antes eran moi amigos pero agora son malos.

Indica o Sr. Fernández que a Sra. Voceira do grupo socialista preguntou que é o que pasaba no Centro de Saude e non é culpa da Xunta, o Sr. Alcalde é o máximo responsable do Concello de Carral e vostede cando chega aos plenos non pode dicir que xa nos contestará no seguinte pleno

Resposta o Sr. Alcalde que non lle permite baixo ningún concepto ao Sr. José Luis que faga comedia de ningúen nin se ría de ningúen, e insiste que ou cala ou o bota fora. Indica o Sr. Alcalde que en canto a decencia do PXOM o Sr. Mouriño ten moito que calar, sinala o Sr. Alcalde que el non ten nada oculto co PXOM eso non llo permite a ningúen.

Indica o Sr. Mouriño que non o pode botar fora e insiste en que o Sr. Alcalde ten que sacar o PXOM adiante

Manifesta o Sr. Alcalde ao Sr. Mouriño que non lle faga falar que sabe moito.

Continua o Sr. Mouriño dicindolle ao Sr. Alcalde que fale agora mesmo.

Indica o Sr. Alcalde que non vai falar nada.

Pregunta o Sr. Fernández se vai a cortar o árbol do Corposanto que xa a exconcelleira Ramilo xa preguntou por iso mesmo durante os catro anos anteriores que estivo de concelleira.

Resposta o Sr. Alcalde que o concello non pode cortar nada nunha propiedade privada, díxoselle ao dono que o cortara e teno que cortar, o concello non se adica a cortar pinos nas propiedades privadas.

Pregunta o Sr. José Luis porque o concello está desbrozando fincas particulares co tractor do concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña) □

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Resposta o Sr. Alcalde que hai un pouco o Sr. Fernández lle estaba botando na cara que ían moi retrasados cos desbroces e agora lle bota na cara que desbrocen.

Manifesta o Sr. José Luis que entón desbrozan nas fincas particulares pero non se pode cortar un pino que case cae na estrada.

Resposta o Sr. Alcalde que dende o concello non pero que se quere ir o Sr. Fernández que vai él a cortalo.

Insiste o Sr. José Luis en que sopese o que está facendo o Sr. Alcalde no Concello

Resposta o Sr. Alcalde que el sabe moi ben o que está facendo

Non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as 21 horas e 05 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral, REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Alcaldía, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE